

C

Compostela  
Cultura  
Didáctica

PRO—  
GRAMA

DI  
DÁC  
TICO

24—25



CONCELLO DE  
SANTIAGO



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

TODA A INFORMACIÓN EN  
[COMPOSTELACULTURA.GAL](http://COMPOSTELACULTURA.GAL)



# O GRANDE BEETHOVEN

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

En colaboración co Servizo Educativo da Casa da Música de Porto  
M<sup>a</sup> Camila Barbosa, directora

### PROGRAMA:

Ludwig van Beethoven: 1<sup>a</sup>  
*Sinfonía, Do M, Op. 21, 4<sup>o</sup>*  
movemento

Ludwig van Beethoven: 6<sup>a</sup>  
*Sinfonía, Fa M, Op. 68, 1<sup>o</sup>*  
movemento

Ludwig van Beethoven: 3<sup>a</sup>  
*Sinfonía, Mi b M, Op. 55,*  
'Heroica'

Ludwig van Beethoven: 4<sup>o</sup>  
*Abertura, Do m, Op. 62,*  
'Coroliano'

Ludwig van Beethoven:  
*Concerto para piano núm. 4,*  
*Sol M, Op. 58, 2<sup>o</sup> movemento*

Ludwig van Beethoven: *Lied*  
*Ich liebe dich (Je t'aime)*  
extracto da 9<sup>a</sup> *Sinfonía, Ode*  
*an die freude*, co arranxo de  
Herbert von Karajan

*O Grande Beethoven* conta a historia dun auténtico inconformista da historia da música a través dun espectáculo didáctico e divertido, cheo de humor

e suspense para que o público miúdo se achegue á figura e á obra de Ludwig van Beethoven. Nel, a Real Filharmonía de Galicia, dirixida por María Camila Barbosa e coa complicidade e a colaboración do Servizo Educativo da Casa da Música de Porto, desentrañará algúns pequenos segredos sobre a vida e o (mal?) xenio do gran compositor alemán, amosándonos tamén como funciona o instrumento que hoxe coñecemos como orquestra sinfónica.

### MÚSICA

XOVES 24 E VENRES 25 DE OUTUBRO

SALA ÁNGEL BRAGE DO

AUDITORIO DE GALICIA

10.00 H E 12.00 H

Idade recomendada: Primaria

Duración: 50 min

Lingua: galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



# INVISIBLES

REDRUM PRODUCCIONES S.L.

*Invisibles* é unha adaptación do libro homónimo da xornalista Montse Fajardo que relata casos reais de violencia de xénero sufridos por sete mulleres galegas. Protagonizado por Mela Casal, Sheyla Fariña e Neves Rodríguez baixo a dirección de Marián Bañobre.

TEATRO

MARTES 29 DE OUTUBRO

TEATRO PRINCIPAL

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 90 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# PEDRO E O LOBO

FANTOCHES BAJ

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fantoches Baj acompañada da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela adapta o clásico conto de *Pedro e o Lobo* nunha proposta representada con marionetas manipuladas segundo a técnica xaponesa do *bunraku* e acompañadas da música do clásico de Prokofiev. A peza sitúa a historia nun mundo rural illado da modernidade e contextualiza o conto nunha estación de tren pechada, nun espazo que quixo ser moderno, pero que finalmente

foi abandonado e que a natureza comeza a recuperar. A historia cóntana tres antigos operarios do ferrocarril, apaixonados dos trens, que deixaron o seu traballo de desmontadores de estacións para converterse en donos dun parque infantil.

Unha proposta de monicreques e música que fala de superación, amor, vinganza, medo ou orgullo e que defende os lobos e o valor da natureza.

MONICREQUES E MÚSICA

XOVES 28 E VENRES 29 DE NOVEMBRO  
SALA MOZART DO AUDITORIO DE GALICIA  
10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º de Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



# A TETEIRA DE KABUL

## XAROPE TULÚ S.C.

*A Teteira de Kabul* é unha obra de teatro de obxectos e monicreques que fala do valor da paz. A súa protagonista é Mina, unha nena afgá que ten que abandonar o seu fogar como consecuencia da guerra. Xunto á súa familia emprende unha longa viaxe na que, a pesar das duras condicións, irá descubrindo a beleza do tránsito grazas ás

historias que lle conta súa nai e que ela garda nunha teteira.

*A Teteira de Kabul* está baseada no conto homónimo de Carolina Pujadas e é unha coprodución de Xarope Tulú coa ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz. A personaxe de Mina está inspirada na vida da escritora afgá Nadia Ghulam.

## MONICREQUES

LUNS 20 E MARTES 21 DE XANEIRO

TEATRO PRINCIPAL

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: de 3º a 6 de Primaria

Duración: 45 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# DeseXo

## TALÍA TEATRO

O espectáculo está concibido como unha reflexión en ton cómico sobre a ausencia xeneralizada de educación sexual, tanto no ámbito doméstico, como no marco formativo regrado; tamén sobre a súa substitución polo que se pode aprender na pornografía e nas redes sociais, coa consecuente aparición de malos hábitos, frustracións, estereotipos sexistas e unha excesiva presión á hora de manter relacións afectivo-sexuais.

Como foi a nosa educación sexual? Contamos con preparación para ter unha sexualidade sa? Sabemos como afrontar as nosas relacións? Somos capaces de educar as próximas xeracións? Onde aprendemos o que sabemos sobre sexo?

Na pornografía? Nas redes sociais? E que consecuencias ten formarse así?

Intentemos fixarnos nas publicacións, na música ou na publicidade. Vivimos na sociedade do desexo, a máis sexualizada da historia, pero na que todas estas cuestións seguen a seren tabú.

*DeseXo* é un xoguete cómico que aborda todo isto, porque xa vai sendo hora de falar claramente sobre sexo. Os Jalochos teñen como obxectivo xogar coa música e a palabra a través dun concerto de participación activa mediante enredos baseados no ritmo, na percusión corporal, no baile, na escritura creativa e a lingua de signos.

## TEATRO

**MÉRCORES 22 DE XANEIRO**

**TEATRO PRINCIPAL**

**10:00 H E 12:00 H**

Idade recomendada: 4º ESO e Bacharelato

Duración: 65 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**





# E ENTÓN UN XARDÍN

## PAPORRUBIO

O xardín convértese nun lugar de celebración e reivindicación. Os vexetais e os animais son os protagonistas dunha historia estrafalaria na que a natureza esperta e reivindica os seus dereitos. Unha comedia disparatada ao servizo da imaxinación para alentar valores como a empatía, a responsabilidade e o respecto. A necesidade dun latexar común co mundo natural.

## MONICREQUES

LUNS 27 DE XANEIRO

SALA MOZART DO AUDITORIO DE GALICIA

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º de Primaria

Duración: 50 min

Lingua: galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



# CARABELA

## GALEATRO

Carabela é un espectáculo de Galeatro con texto de Paula Carballeira. A peza conta a historia dunha cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por ter comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a bater con forza para coñecer o que hai máis alá dos peixes mutantes e dos paxaros choromicas e, sobre todo, para axudar a Carabela a saír da illa antes de que morra de fame.

## TEATRO

**MARTES 4 DE FEBREIRO**

**TEATRO PRINCIPAL**

**10.00 H E 12.00 H**

Idade recomendada: de 2º a 6º de Primaria

Duración: 50 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**



# PREGUNTAS SEN RESPOSTA?

## REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Sebastián Zinca, director  
Olaia Novo, deseño do proxecto

### PROGRAMA:

Charles Ives: *The unanswered question*

Dimitri Shostakovich (Arr. Barshai): *Sinfonía de Cámara*, Op. 110 a, 2º e 3º movementos

Gustav Mahler: *Sinfonía núm. 5*, 4ª movemento Adagietto

Ludwig van Beethoven: *Sinfonía núm. 5*, 1º movemento Allegro con brio

Este concerto propón unha viaxe individual e colectiva de crecemento e descubrimento a través da ollada inconformista de diversos

compositores. Quere amosar como Ives, Mahler, Beethoven e Shostakovich crearon a súa propia linguaxe para expresar, coas súas ideas musicais, a preocupación sobre temas existenciais que teñen que ver coa natureza do ser humano e coa súa relación co cosmos. Que é o tempo? Cal é o propósito da existencia? Que é o amor? Que nos sucede ao morrer? Como se pode expresar isto a través da música? Na inmensidade da creación, unha pregunta poderosa ten unha capacidade transformadora.

### MÚSICA

**XOVES 6 E VENRES 7 DE FEBREIRO**

**SALA ÁNGEL BRAGE DO AUDITORIO DE GALICIA**

**11:00 H**

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 50 min

Lingua: galego

**FICHA →**



# AS ALUMNAS

## CULTURACTIVA PRODUCIÓNS

Este espectáculo teatral, baseado na novela homónima de Paula Carballeira, aborda a figura da pedagoga galega María Barbeito e explora como o franquismo significou un enorme retroceso na educación do Estado, especialmente para as mulleres.

A educación, peza fundamental no desenvolvemento e na liberdade das persoas é o eixo fundamental da proposta. As dúas personaxes femininas representan dous casos concretos de mulleres no marco histórico anterior e posterior á Guerra Civil que nos levan a tocar as transformacións sociais do momento.

## TEATRO

**MARTES 11 DE FEBREIRO**

**TEATRO PRINCIPAL**

**10:00 H E 12:00 H**

Idade recomendada: 3º, 4º ESO e Bacharelato

Duración: 75 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**



# OS XIGANTES DE NUNCA ACABAR

**BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Casiano Mouriño, director  
Vicente Couceiro, narrador

Tres xigantes superenleantes, superterribles e superxigantes pasaban o ano discutindo por ver cal deles puña máis medo á xente que vivía en País de Conto. Unha terra de era e non era, que existe agora e que existiu noutrora e que pode estar dentro e fóra. Pero un día, chega Trampolín, o ananiño contador de historias, e todo cambia.

MÚSICA

XOVES 13 E VENRES 14 DE FEBREIRO  
SALA MOZART DO AUDITORIO DE GALICIA  
10.00 H E 12.00 H

Idade recomendada: Primaria  
Duración: 50 min  
Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# NANAI DA CHINA

PÉREZ & FERNÁNDEZ

Nanai é unha nena que naceu nunha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas rexéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir NON!, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtzé na compañía de Chis-Púm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra esta estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sae todo o tempo tan ben como debería.

MONICREQUES

LUNS 17 E MARTES 18 DE FEBREIRO

TEATRO PRINCIPAL

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Primaria

Duración: 45 min

Lingua: galego

**GUIA DIDÁCTICA →**

# PARADE, O CIRCO DOS VALENTES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

LA MAQUINÉ, COMPAÑÍA DE TEATRO

Joaquín Casanova, director

Joaquín Casanova e Elisa Ramos, dramaturxia

José López-Montes, dirección musical e intérprete-pianista

Noé Lifona e Elisa Ramos, intérpretes

## PROGRAMA:

Obras de Satie, Stravinski e Poulenc

Coñeceremos a historia do elefantiño Babar que quedou orfo cando unhas persoas o encadearon e levaron a súa nai. Un día o tío Pepe e o pallaso Chochotte rescátano e agora vive libre con eles no Circo dos Valentés. O espectáculo contén valores fundamentais como o respecto e a convivencia cos animais para vivir nun mundo mellor.



## MÚSICA

XOVES 20 E VENRES 21 DE MARZO

SALA ÁNGEL BRAGE DO AUDITORIO DE GALICIA

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil e Primaria

Duración: 50 min

Lingua: galego

**FICHA** →

## CALENDARIO

### O GRANDE BEETHOVEN

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

SERVIÇO EDUCATIVO DA CASA DA MÚSICA DE PORTO

(MÚSICA)

**24 E 25 OUTUBRO**

10.00 h e 12.00 h

Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia

Idade recomendada: Primaria

### INVISIBLES

REDRUM PRODUCCIONES S.L.

(TEATRO)

**29 OUTUBRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

### PEDRO E O LOBO

FANTOCHES BAJ

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MONICREQUES E MÚSICA)

**28 E 29 NOVEMBRO**

10.00 h e 12.00 h

Sala Mozart do Auditorio de Galicia

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º de Primaria

### A TETEIRA DE KABUL

XAROPE TULÚ S.C.

(MONICREQUES)

**20 E 21 XANEIRO**

Teatro Principal

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: de 3º a 6 de Primaria

### DESEXO

TALÍA TEATRO

(TEATRO)

**22 DE XANEIRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada: 4º ESO e Bacharelato

### E ENTÓN UN XARDÍN

PAPORRUBIO

(MONICREQUES)

**27 XANEIRO**

Sala Mozart do Auditorio de Galicia

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º de Primaria

### CARABELA

GALEATRO

(TEATRO)

**4 DE FEBREIRO**

Teatro Principal

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: 2º a 6º de Primaria

### PREGUNTAS SEN RESPOSTA?

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

(MÚSICA)

**6 E 7 DE FEBREIRO**

11.00 h

Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

### AS ALUMNAS

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

(TEATRO)

**11 DE FEBREIRO**

Teatro Principal

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: 3º, 4º ESO e Bacharelato

### OS XIGANTES DE NUNCA ACABAR

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MÚSICA)

**13 E 14 DE FEBREIRO**

Sala Mozart do Auditorio de Galicia

10.00 e 12.00 h

Idade recomendada: Primaria

### NANAI DA CHINA

PÉREZ & FERNÁNDEZ

(MONICREQUES)

**17 E 18 DE FEBREIRO**

10.00 e 12.00 h

Teatro Principal

Idade recomendada: Primaria

### PARADE, O CIRCO DOS VALENTES

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

LA MAQUINÉ, COMPAÑÍA DE TEATRO

(MÚSICA)

**20 E 21 DE MARZO**

10.00 e 12.00 h

Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia

Idade recomendada: Infantil e Primaria

# C

Compostela  
Cultura  
Didáctica

## PROCEDIMENTO DE RESERVA EN LIÑA

A través do formulario dispoñible en:  
[www.compostelacultura.gal/programadidactico](http://www.compostelacultura.gal/programadidactico)

## DATAS DE ENVÍO DAS SOLICITUDES

- Centros de ensino de Santiago de Compostela: dende o martes, 24 de setembro ás 8.30 h
- Centros de ensino do resto de Galicia: dende o mércores, 25 de setembro ás 8.30 h

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [CCULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURATV →](#)

 [COMPOSTELACULTURA.GAL →](#)

PRO—  
GRAMA  
DI  
DÁC  
TICO  
24—25